

A destrución da escola pública

ENSINO PÚBLICO

VOLTAN AS VELHAS LINGUAXES DA MAN DE VELHAS MEDIDAS QUE TRATAM DE CRIAR MILLORES CONDICIÓNIS PARA GARANTIR O ÉXITO DAS POLÍTICAS CONSERVADORAS E NEOLIBERAIS. OS GOVERNOS ESTAN A DESMANTELAR TODAS AS REDES QUE SUSTENTAN O ESTADO DO BENESTAR. AS CONTRA-REGULACIÓNIS DO MERCADO LABORAL, DA SEGURIDADE SOCIAL, DA SANIDADE E DO SISTEMA EDUCATIVO A QUE ESTAMOS ASSISTINDO SON CONSECUENCIA DAS REESTRUCTURACIÓNIS QUE PRECISAN OS MERCADOS NEOLIBERAIS.

A contra-reforma de educación aprobada polo Goberno Español ven a reforzar a dualización. Cada clase social educará-se en espazos específicos. E non só iso, senón que se lexitiman tamén os coléxios segregados por razón de xénero, masculinos e femininos. Algo que atenta contra os vixentes principios constitucionais.

Con medidas segregadoras como os itinerarios, os grupos de reforzo, os programas de iniciación profesional, os programas de "Lengua y Cultura española" sentan-se as bases para converter os centros [escolas] públicos en *guetos*. Pola contra, os centros concertados e privados acabarán por se converter en clubs, na medida en que os propietarios e quen es constitúen os seus consellos escolares deseñan medidas mirando exclusivamente polo seu propio beneficio, sen tomar en consideración os intereses de outros colectivos sociais máis desfavorecidos e con menores posibilidades de facer pública a su voz. Un clube privado busca beneficios privados e, asemade, sirve para salientar un estatus social diferenciado aos seus membros.

Con a nova Lei de Calidade da Educación atacan-se claramente os grandes fins do ensino como servizo público, xa que a institución escolar debe ser un lugar de convivencia, non de segregación; dinamíta-se o aprender a vivir xuntos. Non esquezamos que a ensinanza pública pon o énfase e garante un proxecto educativo democrático para toda a cidadanía, sen exclusións, decidido co concurso de todas as persoas que integran a comunidade educativa. Os centros públicos son o millor lugar para as políticas de recoñecemento e un espazo privilexiado para contribuir ás políticas de redistribución. Na medida en que se promoven medidas para facilitar aínda máis a concertación de centros privados, cortacircuíta-se o proxecto político ilustrado no que se apoia a defensa do ensino público.

Estamos diante dun novo marco lexislativo destinado a restaurar un maior centralismo e controle da Administración sobre os centros escolares através, principalmente, de *sete medidas*:

1. A imposición dos contéudos obrigatorios a traballar en todas as materias e niveis educativos.
2. A imposición do Sistema Estatal de Indicadores da Educación.
3. As reválidas.
4. A elección de Directores dos Centros de ensino.
5. O recorte das posibilidades de participación do profesorado, do alumnado, das súas familias e demais colectivos sociais na vida dos centros.
6. A Inspección da Comunidade Autónoma.
7. A Alta Inspección do Estado.

Estamos diante dunha Lei que máis que tentar combater o fracaso escolar pretende acelerar unha maior privatización e desgaleguización do sistema educativo.

Para sacar adiante este proxecto o Ministerio tratou de non incurrir en algúns dos defectos nos que caira no trámite da LOU; cando se adicou a culpar ao profesorado de corporativista e de egoísta, pondo asimesmo en cuestión, a súa capacitación profesional. Agora, para tratar de impedir a mobilización política e social do profesorado o Ministerio de Educación só apresentou un único culpable: o alumnado, ao que acusa de carecer dunha cultura do esforzo. Curiosamente omíten-se as responsabilidades da Administración, das Facultades de Educación e do propio profesorado.

No fondo, este tipo de medidas son tamén unha das consecuencias dun Estado que se voltou indiferente diante das necesidades dos grupos sociais máis desfavorecidos, adicándose, pola contra, a facilitar aínda máis as cousas ás grandes empresas multinacionais na súa aposta polo neoliberalismo. A saída política pola que se aposta para solventar o fracaso escolar é a de segregar e eliminar do sistema educativo aos estudantes dos grupos sociais máis desfavorecidos. O mesmo que as medidas de "tolerancia cero" destinadas a aplicar só a represión policial sobre os colectivos desfavorecidos, co conseguinte efecto de "criminalizar a pobreza", agora en educación tamén se culpa ao alumnado, exclusivamente, sen chegar a cuestionar as dimensións estruturais que explican a desmotivación dun sector importante do alumnado. Ou sexa, o Ministerio opta tamén pola "tolerancia cero" para marxinar e segregar aos estudantes dos grupos sociais máis desfavorecidos.

Bibliografía:

TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2001). Educación en tiempos de Neoliberalismo. Madrid. Morata.